



AS SÚAS PICADAS. MEDIDAS PREVENTIVAS PARA EVITALAS.

CRISTINA PRIETO PAREDES.

**VETERINARIA - TÉCNICA DO SERVIZO DE EPIDEMIOLOXÍA DA DIRECCIÓN XERAL
DE SAÚDE PÚBLICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE.**

21/08/2024





CARACTERÍSTICAS MOSQUITO



Cor negra intensa con ornamentación prateada en tórax abdomen, patas a bandas negras e brancas e unha **línea branca lonxitudinal central en tórax e cabeza.**

Mosquito de pequeno tamaño (2-10 mm) e voo baixo, polo que soe picar nas pernas.

Hábitos URBÁNS e sobre todo DIURNO (escóndese en zonas sombrías).


Hábitats principalmente PERI-DOMÉSTICOS (fases larvarias na entorna das casas).

Radio de voo corto (máx. 500 m), estaría preto do sitio de cría.

Picaduras producidas polas femias ao alimentarse de sangue para a maduración dos ovos. Acontecen habitualmente durante o día e ao aire libre.

Presentan un aparato picador fino e alargado (probóscide) que usan para picar e extraer sangue, usan ao picar sustancias anticoagulantes e vasodilatadoras presentes na saliva que poden provocar reaccións alérxicas.

MOSQUITO ALERT APP:



Como podes participar co Mosquito Alert?

Envía fotos do mosquito tigre e das demais especies que se buscan.

Un equipo internacional de entomólogos expertos validará as túas fotografías.

Reporta as picaduras de mosquitos que recibas.

Aprende a identificar mosquitos.

Podes informar si observas posibles lugares de reproducción de mosquitos na vía pública.

Comproba as túas observacións no mapa.

Mantente ao día coas nosas notificacións.



MOSQUITO ALERT :

MOSQUITO ALERT

Informes

Selecciona localización (ciudad, ...)

Selecciona hashtag

MOSQUITOS



Mosquito tigre



Mosquito de la fiebre amarilla



Mosquito del Japón



Mosquito de Corea



Mosquito común



No identificable

LUGARES DE CRÍA



Imbornal con agua




Imbornal sin agua



Otros

PICADURAS





COMO SON AS PICADAS:

- As súas picadas son moi molestas e ás veces producen reaccións alérxicas de certa gravidade e dor debido á saliva do mosquito.
- Pode causar prurito, ronchas e molestias ao redor da zona afectada.
- Pica preferentemente polo día e en ambientes exteriores.
- Normalmente pica varias veces.
- Adoita actuar preto do chan polo que as pernas adoitan ser as zonas máis afectadas.





QUE FACER COAS PICADAS



En xeral débese actuar como no resto de picaduras de mosquitos. Lavar e desinfectar ben a zona da picadura e tratar os seus síntomas.

- ✓ Lavar a zona afectada con auga e xabón canto antes.
- ✓ Non fregar a pel: remollala en lugar de fregala, e secala.
- ✓ Tratar de manter a zona limpa e seca ata que diminúa a irritación.
- ✓ Evitar rascarse.
- ✓ Aplicar unha compresa de xeo ou xeo envolto nun pano na área da picada.
- ✓ Non facer torniquetes.

En caso de complicacións graves, buscar atención médica.



ENFERMEDADES QUE PODEN VINCULAR

- Poden transmitir os virus causantes do **dengue, chikungunya ou zika.**
- A probabilidade de transmisión destes patóxenos é moi baixa xa que teñen que coincidir o **axente infeccioso**, o **vector competente** e un **hóspede susceptible humano ou animal**, todo isto baixo unhas **condicións ambientais adecuadas**.





PREVENCIÓN DAS PICADAS

- ✓ Utilizar repelentes e aparellos eléctricos contra insectos e insecticidas para interiores (difusores eléctricos e nebulizadores).
- ✓ Instalar teas mosquiteiras finas en portas e fiestras das vivendas. Crear correntes de aire, que afasten os mosquitos (aire acondicionado ou ventiladores).
- ✓ Este mosquito adoita picar no exterior das vivendas. Usar roupa que cubra a pel, en particular as pernas aínda que poden picar a través de roupa fina como calcetíns ou camisetas. Utilizar roupa preferiblemente de cor clara e tecidos naturais. Usar calcetíns e zapato pechado.
- ✓ Manter unha boa hixiene persoal, xa que a suor e os olores fortes atraen os mosquitos.
- ✓ Seguir estas medidas durante o día, especialmente ao amencer e ao anoitecer.



REPELENTES

- Utilizar repelentes autorizados.
- Cumprir estritamente coas instrucións de uso que haxa na etiqueta do produto, especialmente en canto ao número de aplicacións diarias permitidas.
- Empregar só no exterior e durante o tempo necesario.
- Evitar a súa aplicación en nenos menores de dous anos e teña precaución tamén nos nenos maiores. Non poña o repelente nas mans dos nenos por se as levan á boca ou aos ollos.
- Non se aconsella aplicar sobre a roupa ou directamente na cara (usar as mans), solo sobre pel exposta. Tampouco sobre mucosas, ollos, labios nin pel sensible, queimada ou con feridas.



LISTAXE DE REPELENTES EFICACES CONTRA AEDES ALBOPICTUS (MOSQUITO TIGRE) REXISTRADOS/AUTORIZADOS (Actualizado a 15/07/2024) :

Para obter o listado de repelentes eficaces contra o mosquito tigre, realizouse unha busca exhaustiva nas páxinas oficiais do Ministerio de Sanidade e na Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios.

Debido a que o mosquito se localiza fundamentalmente no exterior, tivéronse en conta só aqueles repelentes para insectos voadores de aplicación tópica e aqueles de aplicación en textiles, xa que en ocasións a súa picadura pode atravesar algunhas pezas de roupa.

<https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/7316/Repelentes%20galego%2015.07.24.pdf>





AS SÚAS PICADAS. MEDIDAS PREVENTIVAS PARA EVITALAS.

CRISTINA PRIETO PAREDES.

**VETERINARIA - TÉCNICA DO SERVIZO DE EPIDEMIOLOXÍA DA DIRECCIÓN XERAL
DE SAÚDE PÚBLICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE.**

21/08/2024



Online
Webinar